



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 9 de xullo de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 9 de xullo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02/07/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/3015

Dáse conta do escrito do Intituto Social de la Marina Dirección Provincial de Vilagarcía de Arousa de comunicación dun simulacro de emerxencia no local sede da Dirección Provincial do ISM de Vilagarcía de Arousa sito na R/ Alejandro Cerecedo nº8 entresuelo, o día 5 de xullo de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3016

Dáse conta do escrito de **Mª Teresa Pereiro Pereiro** solicitando autorización para instalar un posto na praia Compostela para divulgar e vender libros

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que durante as festas de San Roque, pódese autorizar a instalación do posto nos lugares de costumbre.

PRP2018/3017

Dáse conta do escrito de rosa María Tourís García e outros, manifestando perigo para circulación de peóns na travesía de Pablo Picasso, solicitando que un tramo de vía sea para circulación exclusiva para os residentes sinalizándoa como vía sen saída.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda:

Reforzar a sinalización de limitación de 30, podéndose empregar sinais S30 de zona trinta(máis efectiva), colocaranse ao inicio da vía e na zona máis ancha do aparcamento, pintar



os marxes da vía con liña amarilla continua, reforzada cun sinal R-308 ó inicio. Nos tramos de ancho superior a catro metros continuarase no marxe esquerdo co cebreado para protección de peatón. Pintando a limitación a 30 tamén na calzada, ó menos dúas veces no primeiro tramo e outras dúas no segundo.

Colocaránse bandas reductoras de velocidade nas zonas alonxadas das casas.

Dar conta do acordo á Policía Local e o Responsable de sinalización (Mario Vázquez),

PRP2018/3018

Dáse conta do escrito de D. Lorenzo Chazo Paz, solicitando autorización para realizar o V encontro de vehículos antigos no mirador Monte Lobeira o día 15 de xullo de 2018. A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o percorrido nas vías urbanas (Avda. de Cornazo, Agustín Romero, Glorieta da Mariña Española, Rodrigo de Mendoza, Avda das Carolinas e Avda. Pontevedra.

Comúnicaselle que dita autorización non corresponde só ao Concello de Vilagarcía xa que afecta a viais de mais dun Concello.

PRP2018/3019

Vista a proposta do Enxeñeiro de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Sistemas de Control Artes Gráficas, S.L.**, para o subministro de 10.000 impresos de notificación (autosobre con acuse de recibo e con recadro de franqueo pagado), por un importe total de 1.183,99 € (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 931.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3020

Dáse conta do escrito presentado por Santiago Melendez Otero, en representación de **Davadoo Store, S.L.**, solicitando autorización para levar a cabo un espectáculo nas rúas colindantes coa Praza de Galicia co “Mimo Fredoy” os días 03 e 07 de xullo de 10:00 a 14:00 horas, con motivo da apertura da tenda de telefonía Davadoo.

Visto o informe da Policía Local acordase **conceder autorización**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2018/3024

Dáse conta do escrito presentado por **Asociación Parkinson Provincia de Pontevedra**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa o día 14 de xullo na praza de Galicia de 10:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase **conceder autorización**, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.00,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/3025

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Ambiser Innovaciones, S.L.** a renovación do servizo de hosting videoacta para o ano 2018, para poder aloxar, xestionar e publicar as videoactas, por un importe total de 1.815,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3026

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local aprobar o gasto por importe total de 2.075,63€, da empresa **Equipamentos Obreiro, S.L.**, para roupa de traballo para 20 operarios do plan de emprego do RISGA para distintos servizos do Concello, con cargo á partida 241-22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3027



Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para adquisición de material para reparar e modificar a beirarrúa en Os Ánxeles (Trabanca Sardiñeira), por un importe total de 3.711,22€, con cargo á partida 453-210, coa seguinte desagregación:

- Áridos del Umia, S.A., (hormigón e mortero) por importe de 1.288,80 €
- Intermaco, S.L.(pedra abujardada) 2.422,42€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3059

Vista a proposta da Concelleira de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da contratación á Organización de Xordos de Galicia- Xoga, por importe de 72,00€ con cargo á partida 231-22799, dun servizo de doblaxe en lingua de signos, para a doblaxe do Pregón San Roque 2018, co obxecto de dar cumprimento á Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola cal se recoñecen as linguas de signo e se regulan os medios e apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidade auditiva e xordocegueira.

PRP2018/3060

Vista solicitude de SINORDEM SL, entidade representada por D. RAFAEL SERANTES ALVAREZ, entidade titular do establecemento LOFT, situado na AVDA. DA MARIÑA, 34-BX, así como os informes incorporados aos expedientes emitidos pola Responsable das Licenzas de Actividades, así como polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local **informa DESFAVORABLE a ampliación de horario de peche nunha hora, con motivo da temporada de verán.**

Con data 22/06/2018, recíbese neste Concello escrito no que se solicita que non se autorice a ampliación de horario por “molestias de ruidos e por incumprimento de horario de peche do establecemento denominado “LOFT”

PRP2018/3061

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Vanessa Lucía Vázquez Rey**, concesionaria do quiosco-bar situado no Parque da Praia de Compostela, solicitando autorización para celebración de varios concertos os días 14, 21, 28, de xullo, 4 e 11 de agosto, en horarios entre as 17:00 e as 03:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será a cargo do/a solicitante ou organizador calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.



A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

- Os concertos celebraránse en horario de 9 de noite a 3 da madrugada.

PRP2018/3062

Dáse conta de solicitude de D. Jose A. González Boulosa, en representación da **Revenidas S.C.** de autorización para a celebración de concertos ao aire libre con motivo da XV Edición das Revenidas 2018, os días 17, 18 e 19 de agosto, en horario de 18:00 a 03:30 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá presentar un plan de autoprotección, e fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil da actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2018/3063

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Intermaco, S.L.** para o subministro de material para reparar e ampliar saneamento e pluviais en Trabanca Sardiñeira, Veiga de Lamas e Renza, por un importe total de 3.018,71€ (IVE incluído), con cargo á partida 161-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3064

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baygar, S.L.** para a reparación do Dumper AUSA D150 matrícula E-6034-BBS, por un importe total de 1.307,37€ (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3065

Vista a proposta do Concelleiro de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **ESYCSA** para subministro e instalación de balizas e semáforo no cruce das rúas Alejandro Cerecedo e Castela e instalación de semáforos no



cruce de Alejandro Cerecedo/Doutor Tourón/Fariña Ferreño, por un importe total de 10.243,19€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3097

Dáse conta da autorización remitida polo Servizo Provincial de Costas para ocupación de DPMT cunha tirolina e parque multiaventura na Praia Compostela, co obxecto de que sexa explotado polo concello ou por terceiros.

Dáse conta así mesmo da petición formulada por David de Maria Castellanos, solicitando levar a cabo a instalación e posterior explotación da actividade. Visto así mesmo o informe favorable emitido polo Arquitecto Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1- Autorizar a D. David de Maria Castellanos a levar a cabo a instalación de estrutura tubular multidireccional (cimbras) para actividade deportiva, tirolina e rocódromo na Praia Compostela, ata o 12 de agosto de 2018, con arreglo ao proxecto técnico presentado e cos condicionantes fixados na autorización do Servizo Provincial de Costas, sendo ao seu cargo o abono das taxas de canon.
- 2- Antes da súa posta en servizo deberá someterse a un control por parte dunha OCT que verifique a correcta instalación e seguridade.
- 3- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2018/3032

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando a convocatoria da Mesa Local de Comercio, para informe da fería de oportunidades.

Faise constar que no punto 2 da orde do día da sesión ordinaria da Mesa Local de Comercio celebrada o día 4 de abril de 2018, someteuse o asunto da celebración da fería de oportunidades a votación, e se informou favorablemente, a realización de dito evento polo Centro Comercial aberto, Zona Aberta.

Visto o que antecede, e a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda proceder a convocar a Mesa Local de Comercio para o mes de setembro de 2018, a fin de someter a estudo e votación a celebración dos eventos a celebrar no derradeiro trimestre do ano.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/3033

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Carlos Pardo Caramelo** para o subministro de material bibliográfico con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 768,30€, con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación



Universitaria para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencia de lecturas municipais (código 2018-3-CRRTE-20) (partida 3321.22001).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3034

Vista a proposta da Directora da Biblioteca, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a relación de actividades de dinamización da lectura, no marco do programa “Ler Conta Moito”, aprobado en Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2018. Adxudicándose as actividades ós seguintes provedores e polos importes que se indican, con cargo á partida 3321-22609:

- Javier Muro Alonso- Actividade: “O neno que quería ser Mago” por importe de 300,00€.
- ST Galicia- Actividade: “Maxia e libriños con Leio Leiño” por importe de 295,00€.
- M^a Luisa Irimia Palmeiro- Actividade: “A biblioteca secreta” por importe de 295,00€.

Sanidade

PRP2018/3035

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SOCOMOR, S.A.** para o subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril, por un importe total de 591,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2018/3038

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ana Casal Fresco** solicitando se lle conceda a baixa dos postos nº 111-113, da zona Alexandre Bóveda, do Mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados, e de conformidade co establecido no Art. 18.1 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder á baixa solicitada, así como proceder á súa baixa no Padrón de Mercados.

PRP2018/3039

Visto o escrito de **Dona Maguette Toure Elhadkji** solicitando autorización para adquirir en traspaso os postos nº 7 e 8 da zona Vergara do Mercado de Vilagarcía, visto o informe do Xefe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito traspaso debendo ingresar na Tesourería Municipal a cantidade de 213,30€, que é a cantidade consignada en concepto de transferencia para esta zona para os dous postos.



Comunicaselle que unha vez aboada a citada cantidade deberá solicitar o cambio de titularidade do posto, achegando á solicitude o xustificante do ingreso e debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

PRP2018/3040

Visto o escrito de **D. José Ruibal López** solicitando autorización para adquirir en traspaso os postos nº 10 e 11 da zona Vergara do Mercado de Vilagarcía, visto o informe do Xefe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito traspaso debendo ingresar na Tesourería Municipal a cantidade de 213,30€, que é a cantidade consignada en concepto de transferencia para esta zona para os dous postos.

Comunicaselle que unha vez aboada a citada cantidade deberá solicitar o cambio de titularidade do posto, achegando á solicitude o xustificante do ingreso e debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

PRP2018/2818

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Fabiola Perez Prieto** solicitando se lle conceda a baixa dos postos nº 51 a 56, da zona detrás sa praza, do Mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados, e de conformidade co establecido no Art. 18.1 do Regulamento Municipal de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder á baixa solicitada, así como proceder á súa baixa no Padrón de Mercados.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2018/3055

Dáse conta da realización dun concurso de carteis entre o alumnado do IES Castro Aobre.

Vista a proposta da Concellería de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Distriema Químicos, S.L.** para a confección de 350.000 servilletas, para repartir entre a hostalería de Vilagarcía, para a campaña de lingua levada a cabo polo IES Castro Aobre 2018 "Pasa tempo co Galego"(proxecto (3) nº02/06/2018, por un importe total de 866,41€ (IVE incluído), con cargo á partida 334-22637.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/3048

Dáse conta da resolución de Secretaría Xeral da Igualdade, de concesión de subvención, por importe de 41.629,22€ para o Programa de apoio aos Centros de Información á Muller-CIM, Expte. SI427B 2018/50 destinada as seguintes accións, Dirección do CIM, As. Xurídico e At. Psicolóxica.



A Xunta de Goberno local queda sabedora.

PRP2018/3049

Dáse conta de acordos da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de concesión das seguintes subvencións dentro do Plan de Acción Municipal – Sección Actividades Liña 2 (PAM 2018). Concedéndose unha subvención de 10.500,00€ , para a realización do programa cun custe total de 12.000,00€, do que 1.500,00€ será de aportación municipal para as seguintes actividades:

- 5 obradoiros de actividades de ocio e tempo libre para nenas e nenos en clave de xénero Verán 2018.
- 10 charlas de sensibilización en Igualdade de xénero e prevención da violencia nos centros educativos de Vilagarcía.
- Obradoiro de arteterapia apra mulleres en situación de vulnerabilidade.
- Curso de formación ocupacional en Auxiliar de carnicería e pescadería para mulleres en situación de vulnerabilidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/3050

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Ana M^a Carballal Martínez (ANIAS)** para a realización de “Obradoiros de cociña e habilidades domésticas para nenos e nenas. Verán 2018”, con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra, a celebrar entre os días 23 de xullo e o 31 de agosto, cun descanso dunha semana (do 13 ao 19 de agosto), por un importe total de 2.800,00 € (IVE incluído) (2.500,00€ actividade + 300,00€ seguro) , con cargo á partida 2312.22615. (Prox. 3 nº 01-16-18)

Os lugares nos que se realizarán son os seguintes:

- Centro cultural de San Roque: os luns.
- Centro cultural de Cornazo: os martes.
- Centro cultural de Trabanca Badiña: os mercores
- Centro cultural de O Piñeiriño: os xoves.
- Centro cultural O Gato Negro de Carril: os venres.

Así mesmo acórdase encomendar unha limpeza final das aulas á empresa Clece, S.A. con cargo á bolsa de horas existente.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3051

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Daisy Monteagudo Alcalde** para a realización de 10 obradoiros en Igualdade de xénero para impartir ao alumnado de 4º da ESO nos centros de secundaria do Concello cunha duración de 10 sesións de 2 horas, con cargo á subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra (Programa de Acción Municipal-Sección Actividades, Liña2 PAM 2018), , por un importe total de 1.456,00 con cargo á partida 2312.22615. (Prox. 3 nº 01-16-18)



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3052

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dona Ramona Brandao Diaz Taranto** para a realización do obradoiro de arteterapia para mulleres, por un importe de 2.600,00 €, con cargo á partida 2312.22615.

Acórdase así mesmo encomendar a realización de servizo extraordinario de limpeza da aula dous días á semana con cargo á bolsa de horas existente coa Empresa Clece SA.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/3041

Dáse conta para a súa posterior sinatura, do Convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Entidade Fundación Bancaria “La Caixa”, co fin de establecer un marco de colaboración para favorecer o desenvolvemento das distintas actividades de carácter social para o proxecto solidario “Festiclown 2.0 Multisede”.

Comprometéndose o Concello a difundir a colaboración nos documentos e actos de difusión das actividades realizadas con cargo a dotación efectuada por esta.

A aportación económica por parte da entidade fundación bancaria La Caixa, sera de 12.000,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

PRP2018/3042

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os seguintes contratos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños de Vilaxoán, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Grupo de Gaitas	391,00 €	Asociación Cultural Os Terribles de Arousa
Actuación Musical	1.197,00 €	Daniel Barreiro Garrido

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/3043

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Angel Tarrío Fernández patrón maior da Confraría de Pescadores de Vilaxoan solicitando que se anule o acordado na Xunta de Goberno Local de 04-06-2018 concedendo colaboración para contratación dun grupo de



gaitas e unha coral, dado que se constituíu unha nova Comisión para a realización das Festas de Vilaxoán. . A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda anular dito acordo.

PRP2018/3044

Vista a solicitude de D. Xoán Xosé Mariño Rubio, en representación da **Comisión de Festas Virxe do Carme e Rosario**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carmen en Vilaxoán os días 22 e 23 de xullo:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, os días 22 e 23 de xullo de 2018, por un importe de 782,00€.
- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán, o día 22 de xullo de 2018, por un importe de 585,00 €

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/3045

Vista a solicitude de D. Cristian Millan Longo, en representación da **Asociación de Festas San Roque**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade de San Roque os días 25 e 26 de agosto:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo , o día 26 de agosto de 2018, por un importe de 225,00€.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/3046

Vista a solicitude de D. David Suárez Graña, en representación da **Asociación de Festas de Sobradelo**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Sacramento o 12 de agosto:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa, o día 12 de agosto de 2018, por un importe de 225,00€.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/3047



Vista a solicitude de D. Angel Peteiro González e/n **Asociación Escola Rosalía de Castro**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias, Seminario 1 e 2 e Sala-Taller do auditorio municipal o día 26-07-2018, para a convocatoria de exames de Cambridge Assessmet English, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias durante 6 horas: 91,50€
- Seminario 1 durante 4 horas: 40,80€
- Seminario 2 durante 4 horas: 40,80€
- Servizo Extraordinario Conserxe 1 hora:10,20€

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2018/3255

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio para a concesión dunha subvención por importe de 28.627,00 € á Asociación Curtas Film Fest, para a celebración da actividade “Curtas Film Fest 2018”, que terá lugar do 19 ao 28 de outubro, con cargo á partida orzamentaria 334.489.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/3056

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria Valorada denominada “Reparación da Rede de Pluviais en Trabanca Badiña en Rúa Primeiro de Maio”, redactado polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Álvarez González, cun importe de 7.470,25€ (IVE incluído). (Partida 161.210)

PRP2018/3057

Dáse conta do escrito de Lumieira Rehabilitación e Renovación Urbana, S.L. en relación ao acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xuño de 2018 comunicando a relación de expedientes pendentes de tramitar ao IGVS. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar a Lumieira Rehabilitación e Renovación Urbana, S.L. que tendo en conta que os expedientes pendentes foron presentados nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2018, deberon ser cumprimentados no seu día por Lumieira, Rehabilitación e Renovación Urbana S.L.

Así mesmo, acórdase solicitar a devandita empresa un informe indicando os trámites pendentes de realizar en cada un dos 16 expedientes, e os motivos de que todavía non foran remitidos ao IGVS.

PRP2018/3058

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a aprobación do proxecto técnico denominado “Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque”, redactado polo Arquitecto Leopoldo Ivorra.



ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/3122

Préstase aprobación á Certificación nº 5 da obra Humanización de Praza de Galicia e un tramo da Rúa Padre Feijoo, subscrita polo Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias e executada pola empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.**, cunha contía de 60.414,57€, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 459.61900 (Obra(2) 1/060/2017).

PRP2018/3123

Préstase aprobación á Certificación nº seis e final da obra Humanización de Praza de Galicia e un tramo da Rúa Padre Feijoo, subscrita polo Arquitecto D. Mariano Vázquez Iglesias e executada pola empresa **Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.**, cunha contía de 24.620,83 €, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 459.61900 (Obra(2) 1/060/2017). Así mesmo acórdase a aprobación das variacións ao alza por importe de 17.816,84.

PRP2018/3124

Préstase aprobación á Certificación nº un da obra Acondicionamento dos postos exteriores na Praza da Verdura e Urbanización do paso intermedio rúa García Caamaño, subscrita polo Arquitecto Municipal D. Xoan Xosé Rodríguez Cuiña e executada pola empresa **Sestrama Ibérica, S.L.**, cunha contía de 10.544,04€, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 4312-63200 (Obra (2) 1/65/2017).

PRP2018/3125

Préstase aprobación á Certificación nº un da obra “Construción de 80 nichos no Cemiterio Municipal”, subscrita polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña e executada pola empresa **Sestrama Ibérica, S.L.**, cunha contía de 13.754,46€, da que se acorda o recoñecemento de obrigación a favor do referido contratista, con cargo á partida 164-62200 (Obra(2) 01/24/2016).

PRP2018/3126

